

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

- 1158** *Real decreto 22/2015, do 23 de xaneiro, polo que se establecen os requisitos de expedición do suplemento europeo aos títulos regulados no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, e se modifica o Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece o Marco español de cualificacións para a educación superior.*

Co fin de asegurar que cos títulos oficiais expedidos polas universidades españolas se xunten aqueles elementos de información que garantan a transparencia acerca da súa natureza, nivel, contexto e contidos das ensinanzas certificadas polos ditos títulos e, por tanto, posibilitar a máis ampla mobilidade nacional e internacional de estudantes e titulados españois, adoptouse o Real decreto 1044/2003, do 1 de agosto, polo que se establece o procedemento para a expedición polas universidades do suplemento europeo ao título.

O citado real decreto encóntrase entre as medidas necesarias que, conforme os artigos 87 e 88 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, se debían adoptar para a plena integración do sistema español no Espazo Europeo de Educación Superior. Isto é así, xa que o suplemento europeo ao título resulta ser unha medida que facilita información ante a diversidade de titulacións e reduce as dificultades no seu recoñecemento.

Non obstante, no propio Real decreto 1044/2003, do 1 de agosto, recollíase o carácter transitorio do procedemento de expedición do suplemento europeo ao título que nel se regulaba, mentres non se implantasen as titulacións universitarias españolas, os créditos europeos como unidade de medida do haber académico, non se modificase o sistema vixente de cualificacións e non se levase a cabo a implantación efectiva das modalidades cíclicas das ensinanzas recollidas na declaración de Boloña.

A situación anteriormente descrita prodúcese coa aprobación, entre outros, do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, que establece a nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais. Esta nova regulación, que foi modificada polo Real decreto 861/2010, do 2 de xullo, supuxo que as universidades españolas puidesen impartir ensinanzas de grao, máster e doutoramento conducentes á obtención dos correspondentes títulos oficiais.

O número 2 do artigo 3 do citado Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, prevé que estes títulos oficiais serán expedidos, en nome do rei, polo reitor da universidade en que se concluíron as ensinanzas que dean dereito á súa obtención, de acordo cos requisitos básicos que, respecto ao seu formato, texto e procedemento de expedición, estableza o Goberno.

A citada previsión materialízase no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais, que, no seu artigo 1.2, recolle como obxecto da súa regulación o establecemento das condicións e o procedemento polo que as universidades españolas poderán expedir o suplemento europeo ao título das ensinanzas conducentes aos títulos de graduado, máster e doutor a que se refire o Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, co fin de promover a mobilidade de titulados no Espazo Europeo de Educación Superior.

Así mesmo, na disposición adicional primeira do Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, e de acordo coa previsión do Real decreto 1044/2003, do 1 de agosto, regulador do procedemento para a expedición polas universidades do suplemento europeo ao título, determínanse os contidos integradores do suplemento inherentes aos títulos de grao, máster e doutor, e realízanse as correspondentes remisións aos modelos dos anexos XII.A e XII.B do propio Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto. A dita norma tamén

contén outras previsións como é a relativa ao soporte que deberá estar normalizado en formato UNE - A3 (pregado A4).

A pesar da regulación do suplemento europeo do título contido nas normas anteriormente referenciadas, na actualidade precísase unha revisión integral que comporte unha máis áxil expedición deste.

Así mesmo, mediante este real decreto introdúcese no ordenamento xurídico español a correspondencia entre o Marco español de cualificacións para a educación superior e o Marco europeo de cualificacións. Deste modo, introdúcese unha modificación do Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece o Marco español de cualificacións para a educación superior. Esta modificación foi reclamada, en reiteradas ocasións, pola comunidade científica, así como polas universidades, a sociedade civil e o tecido empresarial español que proxecta a súa actividade comercial no estranxeiro.

Catro anos despois da entrada en vigor do Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, o Goberno establece a correspondencia entre os niveis do Marco español de cualificacións para a educación superior e o Marco europeo de cualificacións; con isto preténdese garantir a internacionalización dos egresados universitarios españois, non só no ámbito do mundo empresarial, senón tamén no ámbito da actividade universitaria e da actividade científica.

No proceso de elaboración do presente real decreto foron consultadas as comunidades autónomas no seo da Conferencia Xeral de Política Universitaria e emitiu informe o Consello de Universidades.

Na súa virtude, por proposta do Ministro de Educación, Cultura e Deporte, coa aprobación previa do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de xaneiro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

O presente real decreto ten como obxecto establecer as condicións de expedición do suplemento europeo ao título correspondente ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e de máster reguladas polo Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro.

Artigo 2. *Definición.*

O suplemento europeo ao título é o documento que acompaña o título universitario de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional coa información unificada, personalizada para cada titulado universitario, sobre os estudos cursados, os resultados obtidos, as capacidades profesionais adquiridas e o nivel da súa titulación no Sistema nacional de educación superior.

Artigo 3. *Expedición.*

Unha vez superados os estudos conducentes aos títulos oficiais de grao ou de máster e solicitado o título polo interesado, as universidades expedirán xunto a el o suplemento europeo ao título (SET).

A primeira expedición do suplemento europeo ao título terá carácter gratuíto.

O SET non poderá ser expedido acompañando diplomas ou títulos propios establecidos polas universidades ou outros centros non universitarios.

Artigo 4. Contido.

O suplemento europeo ao título debe conter a información seguinte de acordo co modelo establecido no anexo I do presente real decreto, para os títulos oficiais de graduado e de máster:

1. Datos identificativos do titulado.
2. Información sobre a titulación.
3. Información sobre o nivel da titulación.
4. Información sobre os contidos e resultados obtidos.
5. Información sobre a función da titulación.
6. Información adicional.
7. Certificación do suplemento.
8. Información sobre o Sistema nacional de educación superior.

Artigo 5. Soporte documental e personalización.

1. O documento soporte dos suplementos europeos ao título que se expidan será de idéntico tamaño para todos eles, normalizado en formato UNE A-4 e en modelo papel de seguridade. As características técnicas do papel deberán responder ás especificadas no anexo II.

2. Nos documentos incorporárase impreso o escudo de España. Así mesmo, incluíranse o escudo ou logotipo da Unión Europea e o da universidade, cuxos tamaños non poderán ser maiores que o do escudo de España.

3. As linguas de expedición serán, ao menos, castelán e inglés; de forma adicional a estas linguas tamén se poderá expedir noutra lingua oficial da Unión Europea que a universidade determine, así como na lingua cooficial que corresponda ás universidades radicadas nas comunidades autónomas con lingua cooficial propia.

4. En todas as páxinas do suplemento figurará o número con que o título consta no Rexistro Nacional de Titulados, máis unha serie secuencial cuxo control corresponderá ás unidades responsables do proceso de expedición do suplemento.

Así mesmo, cada universidade, previamente á súa entrega ao interesado, efectuará en cada folla do suplemento europeo ao título unha estampación en seco do seu selo oficial, correspondente ao utilizado nos títulos que expida.

Na marxe inferior de cada folla que constitúa o suplemento europeo ao título incluírase unha liña co seguinte texto: «Este documento expídese en papel de seguridade con selo seco».

5. De forma opcional, poderase incluír na versión en papel o código de verificación da versión dixital.

Artigo 6. Formato electrónico.

As universidades expedirán o suplemento europeo ao título en formato papel.

Non obstante, ademais de en formato papel, poderán expedir o suplemento europeo ao título de forma electrónica, coa mesma estrutura e contidos e coas medidas de seguridade detalladas no anexo III.

O documento estará dispoñible na sede electrónica da universidade correspondente.

Disposición adicional primeira. *Mencións ao xefe de Estado no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos oficiais.*

A partir do 19 de xuño de 2014, todas as mencións que se fagan a «Juan Carlos I, rei de España» como titular da Xefatura de Estado no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos oficiais, se entenderán realizadas a «Felipe VI, rei de España».

Disposición adicional segunda. *Non incremento de gasto público.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria única. *Expedición de suplementos europeos ao título.*

1. A expedición dos suplementos europeos a títulos oficiais correspondentes ás ensinanzas anteriores ás establecidas no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, realizarase conforme a súa normativa reguladora.

2. Os suplementos europeos ao título correspondentes ás ensinanzas de grao e de máster do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, que se expidan a partir da entrada en vigor deste real decreto realizaranse conforme as prescricións establecidas por este.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados a disposición adicional primeira e os anexos XII.A e XII.B do Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.30.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece o Marco español de cualificacións para a educación superior.*

Modifícase o Real decreto 1027/2011, do 15 de xullo, polo que se establece o Marco español de cualificacións para a educación superior, nos seguintes termos:

O artigo 4 queda redactado da seguinte maneira:

«O Marco español de cualificacións para a educación superior estrutúrase en catro niveis coa seguinte denominación para cada un deles:

1. Nivel 1: técnico superior.
2. Nivel 2: grao.
3. Nivel 3: máster.
4. Nivel 4: doutor.

Os catro niveis do Marco español de cualificacións para a educación superior correspóndense cos seguintes niveis do Marco europeo de cualificacións:

1. O nivel 1 (técnico superior) do Marco español de cualificacións para a educación superior correspóndese co nivel 5 do Marco europeo de cualificacións.
2. O nivel 2 (grao) do Marco español de cualificacións para a educación superior correspóndese co nivel 6 do Marco europeo de cualificacións.
3. O nivel 3 (máster) do Marco español de cualificacións para a educación superior correspóndese co nivel 7 do Marco europeo de cualificacións.
4. O nivel 4 (doutor) do Marco español de cualificacións para a educación superior correspóndese co nivel 8 do Marco europeo de cualificacións.»

Disposición derradeira terceira. *Prazo de validez da certificación supletoria provisional ao título.*

A certificación supletoria provisional que substituirá o título e gozará de idéntico valor para efectos do exercicio dos dereitos a el inherentes, prevista no número 2 do artigo 14 do Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais, terá unha validez dun ano desde a data de emisión da certificación. O dito prazo de validez deberá constar na propia certificación supletoria provisional.

O mesmo prazo de validez dun ano desde a data de emisión da certificación supletoria provisional será aplicable para as certificacións dos títulos de especialistas en Ciencias da Saúde. Igualmente, o dito prazo de validez deberá constar na propia certificación supletoria provisional.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación normativa.*

O ministro de Educación, Cultura e Deporte poderá ditar, no ámbito das súas atribucións, as disposicións para actualizar o contido e os modelos dos anexos desta norma.

Disposición derradeira quinta. *Aplicación.*

Autorízase o director xeral de Política Universitaria para ditar, logo de informe do Consello de Universidades, as instrucións necesarias para a aplicación do presente real decreto, entre outras posibles, unha guía para facilitar a súa implantación.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de xaneiro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Educación, Cultura e Deporte,
JOSÉ IGNACIO WERT ORTEGA

ANEXO I

Modelo suplemento europeo ao título de graduado e de máster



Escudo ou emblema da universidade

SUPLEMENTO EUROPEO AO TÍTULO (SET)

DIPLOMA SUPPLEMENT (DS)

Este suplemento ao título axústase ao modelo elaborado pola Comisión Europea, o Consello de Europa e Unesco/CEPES. A súa finalidade é proporcionar a información independente necesaria para mellorar a transparencia internacional e o xusto recoñecemento académico e profesional das cualificacións (diplomas, títulos, certificados, etc.). Está deseñado para describir a natureza, nivel, contexto, contido e rango dos estudos seguidos e completados con éxito pola persoa a quen se menciona no título a que este suplemento acompaña. Débense evitar xuízos de valor, posibles equivalencias ou suxestións de recoñecemento. Débense completar todas as seccións e, en caso contrario, explicar os motivos polos que non se fixo.

This Diploma Supplement follows the model developed by the European Commission, Council of Europe and UNESCO/CEPES. The purpose of the supplement is to provide sufficient independent data to improve the international transparency and fair academic and professional recognition of qualifications (diplomas, degrees, certificates etc.) It is designed to provide a description of the nature, level, context, content and status of the studies that were pursued and successfully completed by the individual named on the original qualification to which this supplement is appended. It should be free from any value judgements, equivalence statements or suggestions about recognition. Information in all eight sections should be provided. Where information is not provided, an explanation should give the reason why.

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DO TITULADO
1. INFORMATION IDENTIFYING THE HOLDER OF THE QUALIFICATION
 - 1.1 Apelidos/1.1 Family name(s)
 - 1.2 Nome(s)/1.2 Given name(s)
 - 1.3 Data de nacemento (día/mes/ano)/1.3 Date of birth (day/month/year)
 - 1.4 Número de identificación/1.4 Identification number

Documento nacional de identidade/pasaporte/NIE + opcionalmente, código persoal do titulado asignado pola institución de educación superior que expide o título + número do Rexistro Nacional de Titulados.

2. INFORMACIÓN SOBRE A TITULACIÓN
2. INFORMATION IDENTIFYING THE QUALIFICATION
 - 2.1 Nome da titulación e título conferido (en idioma orixinal)/2.1 Name of qualification and title conferred (in original language)

• Denominación da titulación e do título que se lle outorga ao seu posuidor, coa denominación que, en cada caso, figure no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos, así como a data do acordo do Consello de Ministros en que se establece a súa oficialidade. Se procede, mencionar a competencia profesional.

- Status e tipoloxía: especificar se é titulación nacional, titulación conxunta nacional ou titulación conxunta internacional (neste último suposto, se procede, deberase especificar o nome da titulación obtida no/s outro/s país/es).

- Información referente a mencións de calidade da titulación.

2.2 Principais campos de estudo da titulación/2.2 Main fields of study for the qualification

Indicar a rama de coñecemento en que se incardina o título e, se for o caso, especialización.

2.3 Nome e status da institución que outorga o título (en idioma orixinal)/2.3. Name and status of awarding institution (in original language)

- Nome, status (pública/privada/da Igrexa Católica) da(s) institución(s) que outorga(n) o título.

- Información referente a mencións de calidade e o seu período de vixencia da(s) institución(s) que outorgan o título.

2.4 Nome e status da(s) institución(s) que imparten o programa no caso de que sexa distinta á institución que expide o título (en idioma orixinal)/2.4 Name and status of institution(s) (if different from 2.3) administering studies (in original language)

2.5 Lingua(s) utilizada(s) na docencia e avaliación/2.5 Language(s) of instruction/examination

Segundo o programa de estudos aprobado.

3. INFORMACIÓN SOBRE O NIVEL DA TITULACIÓN

3. INFORMATION ON THE LEVEL OF THE QUALIFICATION

3.1 Nivel da titulación/3.1 Level of qualification

Indicar o nivel correspondente de acordo co Marco europeo de cualificacións de educación superior (os ciclos de Boloña) e situalo no Sistema educativo español (Marco español de cualificacións de educación superior, MECES) e, cando o marco lexislativo o permita, mencionar o seu nivel dentro do Marco español de cualificacións de aprendizaxe ao longo de toda a vida (MECU). Referenciar tamén o nivel da titulación dentro do Marco europeo de cualificacións (The European Qualifications Framework –EQF–).

– Para máis información, remitir ao Sistema de educación superior español descrito no número 8.

3.2 Duración oficial do programa/3.2 Official length of programme

En ECTS e anos académicos a tempo completo.

3.3 Requisitos de acceso/3.3 Access requirements

Incluír requisitos xerais e específicos para cada titulación.

4. INFORMACIÓN SOBRE OS CONTIDOS E RESULTADOS OBTIDOS

4. INFORMATION ON THE CONTENTS AND RESULTS GAINED

4.1 Modalidade de estudo/4.1 Mode of study

4.2 Requisitos do programa/4.2 Programme requirements

- Créditos, distinguindo teóricos de prácticos, se é posible, /prácticas en empresas/institucións ou centros de investigación/traballos fin de grao e de máster.

- No caso de programas conxuntos internacionais, proporcionar detalles sobre os requisitos mínimos para a obtención do título.

- Resultados principais de aprendizaxe: coñecementos, destrezas e competencias adquiridas ao finalizar a titulación e obxectivos asociados a ela.

4.3 Descrición do programa (módulos/unidades/disciplinas estudadas/prácticas en empresas, traballo fin de grao/máster), e cualificacións absolutas obtidas/4.3 Programme details (e.g. modules or units studied, internships, final year dissertation), and the individual grades/marks/credits obtained

(EPÍGRAFE INCORPORADA NO ANEXO SITUADO AO FINAL DESTE DOCUMENTO)
(SEE ANNEX AT THE END OF THIS DOCUMENT)

4.4 Sistema de cualificación/4.4 Grading scheme

No Sistema universitario español os módulos/disciplinas cualifícanse cunha puntuación absoluta de acordo cunha escala do 0 ao 10, coas seguintes equivalencias cualitativas:

0-4.9: suspenso; 5-6.9: aprobado; 7-8.9: notable; 9-10 sobresaliente. Pódese conceder unha mención especial (matrícula de honra) ao 5% dos estudantes do grupo sempre que obtivesen unha cualificación de sobresaliente. Un módulo/disciplina considérase superado/a a partir do 5.

No caso de recoñecemento de ECTS, da experiencia profesional, actividades culturais, deportivas, representación estudantil ou outras, non se fará constar ningunha puntuación senón, se for o caso, a palabra «Apto».

No caso de titulacións conxuntas internacionais describírase o sistema de cualificación acordado polas institucións participantes no convenio correspondente. Se son varios os sistemas de cualificación utilizados, proporcionarase unha táboa de equivalencias.

In the Spanish university system, modules/courses are graded on a scale of 0 to 10 points with the following qualitative equivalence:

0-4.9: «suspenso»; 5-6.9: «aprobado»; 7-8.9: «sobresaliente» 9-10. A special mention, «Matrícula de Honor» may be granted to up to 5% of the students in a group provided they have got a «sobresaliente». To pass a module/course is necessary to get at least 5 points.

In cases of recognition of ECTS, professional experience, cultural or sports activities, or student representation no grading will be recorded but, where appropriate, the word «Apto».

In the case of international joint degrees, the grading system agreed by the participating institutions will be described. If several systems have been used, a conversion table will be provided.

4.5 Cualificación global do/a titulado/a/4.5 Overall classification of the qualification (in original language)

Nota explicativa: a cualificación global media obtense sumando os créditos superados e multiplicando cada un deles pola cualificación obtida expresada de 0 a 10 e dividíndo entre o número de créditos superados.

Explanatory note: the grade point average is obtained by adding the credits obtained, and multiplying each by the grade obtained on the scale 0-10 and dividing by the total amount of credits.

No caso de titulacións conxuntas internacionais proporcionarase, ademais, unha táboa de equivalencias cos sistemas de cualificación global utilizados polas diversas institucións do consorcio.

Incluír os premios nacionais e da universidade obtidos polo estudante.

5. INFORMACIÓN SOBRE A FUNCIÓN DA TITULACIÓN
5. INFORMATION ON THE FUNCTION OF THE QUALIFICATION

5.1 Acceso a estudos posteriores/5.1 Access to further study
5.2 Obxectivos da titulación (incluíndo perfil de competencias, sempre que sexa posible) e cualificación profesional (se procede)/5.2 Stated objectives associated with the qualification and professional status (if applicable)

- Síntese dos obxectivos e competencias xerais que figuran no plan de estudos. Ver información contida no número 4.2.

- Especificar se a titulación outorga competencias para o exercicio dunha profesión ou outorga un status profesional, de acordo coa lexislación nacional, e se dá acceso a unha profesión regulada.

6. INFORMACIÓN ADICIONAL
6. ADDITIONAL INFORMATION

6.1 Información adicional/6.1 Additional information

Información que non fose incluída nas epígrafes anteriores, de acordo coa normativa vixente sobre contidos susceptibles de incorporación ao suplemento europeo ao título. (Por exemplo, información sobre prácticas extracurriculares, transferencia de créditos, etc.)

6.2 Fontes de información adicional/6.2 Further information sources

Remitir a fontes onde se proporcionen máis detalles sobre a titulación

7. CERTIFICACIÓN DO SUPLEMENTO
7. CERTIFICATION OF THE SUPPLEMENT

7.1 Data de expedición/7.1 Date of issuing

Data de expedición do suplemento ao título (día/mes/ano)

7.2 Nomes e sinaturas dos asinantes/7.2 Names and signatures

A do secretario xeral da universidade expedidora do título, que podería ir impresa no documento, e a do responsable administrativo da información que se reflicte no suplemento, que non poderá ir carimbada.

7.3 Cargo dos asinantes/7.3 Capacity of the certifying individuals


7.4 Selo oficial da universidade expedidora/7.4 Official stamp or seal

8. INFORMACIÓN SOBRE O SISTEMA NACIONAL DE EDUCACIÓN SUPERIOR
8. INFORMATION ON THE NATIONAL HIGHER EDUCATION SYSTEM

No caso de titulacións españolas, esta epígrafe configúrase transcribindo o modelo uniforme do Sistema universitario español, proporcionando información referente a requisitos de acceso universitario, tipo de institucións, sistema de aseguramento da calidade das titulacións e institucións. Ademais, describirase o Marco español de cualificacións de educación superior (MECES), así como o Marco español de cualificacións de aprendizaxe ao longo da vida (MECU), cando o marco lexislativo o permita. Este último marco debe ser compatible co Marco europeo de cualificacións (The European Qualifications Framework), polo que será conveniente referencialo. Todo iso servirá para proporcionar o contexto e situar a titulación e o seu nivel ao longo da descrición.

No caso de titulacións conxuntas internacionais, ademais, poderase incluír nesta epígrafe información sobre os marcos nacionais de cualificacións dos respectivos países

das institucións do consorcio, se o marco legislativo o permite, e sobre os seus sistemas de educación superior e aseguramento da calidade.



* As ensinanzas artísticas superiores son ensinanzas non universitarias dentro do Sistema educativo español de ensino superior

ANEXO

ANNEX

RELATIVO AO NÚMERO 4.3 «Descrición do programa (módulos/unidades/disciplinas estudadas/prácticas en empresas, traballo fin de grao/máster), e cualificacións absolutas obtidas»/4.3 Programme details (e.g. modules or units studied, internships, final year dissertation), and the individual grades/marks/credits obtained.

- Forma de acceso/Access to the programme.
- Data da completa finalización de estudos conducentes á obtención do título/Completion date of the programme leading to the awarding of the diploma.
- Descrición do programa conducente ao título/Programme details.

Nome do módulo ou disciplina (código, opcional)	Tipo: formación básica obligatoria optativa, prácticas e traballo fin de grao/máster	Nivel*	ECTS	Cualificación absoluta **	Ano académico	Nome e status da institución onde se cursou o módulo, disciplina, prácticas ***	Lingua de instrución e avaliación	Observacións ****

* O nivel débese indicar en referencia aos ciclos de Boloña (MECES).

** No caso de programas conxuntos internacionais, a cualificación absoluta poderase proporcionar no sistema nacional aplicado por cada institución do consorcio (números, letras, créditos ECTS, etc.) en que o titulado cursou o módulo, disciplina, traballo de fin de grao ou máster, etc.

*** Cando un módulo/disciplina se estudase noutra institución española ou estranxeira distinta á institución de orixe, deberase proporcionar esta información mencionando o nome da institución (este é o caso de disciplinas, módulos, etc., cursados noutras universidades mediante programas como Erasmus, Tempus, Séneca, Erasmus Mundus, Atlantis, etc., así como en titulacións conxuntas nacionais ou internacionais).

**** Incluir recoñecementos de créditos ECTS e, se for o caso, de experiencia profesional.

Name of the course or module (Code, optional)	Type: Core, compulsory and optional courses, internships, final year dissertation	Level*	ECTS	Grade **	Academic Year	Name and status of the institution where the course, module or internship have been taken ***	Language of instruction and examination	Observations ****
---	---	--------	------	----------	---------------	---	---	-------------------

ANEXO II

Características técnicas

Especificacións do soporte:

Formato: UNE A4 (210 x 297 mm).

Papel soporte: especificamente deseñado para personalizar mediante impresión láser.

Composición: pasta química branqueada, excluindo pasta mecánica e semiquímica, encolada en masa.

Cor:

$L = 96,14 \pm 2$.

$a = 0,47 \pm 2$.

$b = 4,19 \pm 2$.

Grao de brancura: ≥ 80 %.

Gramaxe: $100+5$ g/m².

Espesor: $0,125$ mm ± 10 %.

Índice de encolado COBB 60: $22,5 \pm 4$ g/m².

Opacidade: > 83 %.

Branqueadores ópticos: exento.

Fibrilas de seguridade: > 40 fibrilas/dm² por cara. Invisibles á luz normal. Visibles á luz UV de cor amarela verdosa. Lonxitude da fibrila entre 8 e 20 mm, repartidas uniformemente nas dúas caras e firmemente adheridas.

Lisura Bendtsen: 210 ± 95 ml/min.

Resistencia á tracción lonxitudinal: $\geq 8,5$ kg.

PH superficial: $\geq 5,5$.

Especificacións de impresión:

Emblema do escudo nacional e da UE: altura de 3 cm.

Fondo impresión guilloche, Pantone 5315, en que figurará a lenda con efecto relevo seguinte: DIPLOMA SUPPLEMENT, rodeada dunha orla en cor prata dun grosor de 2mm, coas seguintes marxes externas:

Marxe superior:

Primeira páxina 5 cm, en que irán os escudos e emblemas.

Segunda e seguintes páxinas 2 cm.

Marxe inferior, 2 cm, en que irán, en todas as páxinas, o número do Rexistro Nacional de Titulados Universitarios e o número secuencial, citados no artigo 5.4.

Marxes laterais dereita e esquerda: 1 cm.

Medidas antifalsificación.

ANEXO III

e-SET

Formato	XML
Sinatura.	<ol style="list-style-type: none">1. Sistema de sinatura electrónica baseado en certificado recoñecido para calquera documento que se desexe autenticar: sinatura electrónica recoñecida do secretario xeral da universidade ou certificado de selo electrónico (selo de órgano), en caso de expedicións automatizadas.2. O documento deberá ser asinado sobre a estrutura electrónica. Para iso utilizarase o formato XML de sinatura electrónica avanzada (XAdES) descrito na política de sinatura da Administración xeral do Estado, na súa versión 1.9 ou superior.
Código de verificación.	Selaxe de tempo e código seguro de verificación.
Normativa.	Esquema nacional de seguridade e interoperabilidade e as normas técnicas aprobadas pola Resolución do 19.7.2011 (BOE do 30.7.2011).